

OLA RAPACES!!

Imos rematar as tarefas coa curta “ EL REGALO”.

É unha curta que me conmove porque:

Se un vive con normalidade a súa diferenza, transmite aos outros igualdade e enerxía positiva.

Todos necesitamos amigos, sexamos como sexamos.

Os problemas non se solucionan encerrándose na casa e conectándose á tecnoloxía.

O máis importante é **ACEPTAR** as diferenzas, non discriminar a ninguén e poñerse no lugar dos outros para saber como se senten.

Goza máis da natureza e das amizades!

Preme na ligazón para ver a curta:

https://youtu.be/_RP1GsCyoAE



Adxunto unhas fichas para traballar a curta.



COIDÁDEVOS MOITO!!

Extremade as precaucións nas saídas!!

CHUS



Curtametraxe para reflexionar **“O AGASALLO”**

Esta curta ensínanos que todos somos diferentes e que esas diferenzas son as que nos fan ESPECIAIS.

O máis importante é ACEPTAR as diferenzas, non discriminar a ninguén e poñerse no lugar dos outros para saber como senten.

1. Ordena segundo acontece

- Un rapaz recibe como agasallo un can ao que lle falta unha pata.*
- O rapaz ao principio rexéitao.*
- Ao final o neno acepta ao can e saen xuntos a xogar.*
- O can quere xogar co neno.*

Nome:.....



2. Une a definición coa palabra a que corresponde.

Poñerse no lugar de outra persoa.

Querernos e aceptarnos a nos mesmos e aos demais tal e como somos.

ACEPTACIÓN

EMPATÍA

3. Debuxa ou escribe o que máis che gustou da historia.



BO VERÁN !!!

Máis natureza e menos
tecnoloxía!!

Vémonos en setembro!

Unha aperta!
CHUS

